


galería de arte

**4** CATRO



**ELENA COLMEIRO**  
(CERAMICAS)

A partir do 17 de decembro, 1982

**ELENA COLMEIRO**, Natural de Silleda (Pontevedra), estudou cerámica en Buenos Aires. No “Salón de Estudiantes de Artes Plásticas”, de Buenos Aires, consegue o primeiro Premio e o Premio de Honor. En 1966 regresa a España, residindo dende aquela entre Madrid e Galicia. Realizou diversas exposicións dentro e fora de España. En 1966 acada o primeiro Premio na Bienal del Uruguay. En 1967, a medalla de ouro na Exposición Internacional de Cerámica de Faenza, Italia. En 1968, beca da Fundación Juan March para o Mills College, Oakland, San Francisco de California.

Participa no Congreso e na exposición de Cerámica Internacional que tuvo lugar en Londres, no Museu Victoria e Alberto, no ano 1972.

En 1980, como membro da Academia Internacional de Cerámica de Xinebra participou no Congreso e máis na exposición que se realizou no Xapón, en Kyoto.

En 1981, asiste ao Congreso e á Exposición de Cerámica Internacional que se celebrou en París, no Museu de Artes Decorativas.

Realiza unha cerámica para as oficinas de Información e Turismo, de Londres, e outra para Bruselas. Ten un mural no Aeroporto de Santiago de Compostela.

Poseen obra súa o Museu de Castrelos, de Vigo; Museu de Arte Moderno, de Madrid; Museu de Cerámica, de Barcelona, Palacio de Montjuich; no de San Francisco de California e en diversas coleccións particulares.



TABERNAS, 4-BAJO, TELEFONO: 2092 31, LA CORUÑA, HORAS DE VISITA: DE 7 A 9'30